



**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A
COMUNIDADE DE REGANTES "NOVA LIMIA" PARA A MODERNIZACIÓN
MEDIANTE A INSTALACIÓN DOS GRUPOS DE BOMBEO NOS POZOS DE REGADÍO**

Santiago de Compostela, **30 JUN. 2023**

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora de normas da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Amador Saborido Dapousa, maior de idade, con DNI núm. 76.730.750J, actuando en nome e representación da **Comunidade de Regantes "Nova Limia"** con CIF G72840739, e domicilio social en Xinzo de Limia, Lugar de Paredes nº 55, da que é presidente segundo acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 6 de febreiro de 2023.

A Comunidade de Regantes "Nova Limia" engloba ás Comunidades de Regantes de "Lamas-Ganade" (CIF G32333734), "Corno do Monte" (G32333742), "Alta Limia" G32333759) e "San Salvador de Sabucedo" (G32371403)

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no artigo 27.12 a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, cando as augas discorran integramente dentro da Comunidade, en materia de proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da Comunidade Autónoma. A devandita competencia refírese ao Real decreto 1124/1985, do 30 de abril, sobre valoración definitiva e ampliación de funcións traspasadas da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento rural.

SEGUNDO.- A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural é o



órgano da Administración galega encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

Conforme se recolle no Decreto 23/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, esta responsabilízase das accións que teñan como obxecto directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos.

TERCEIRO.- As Comunidades de Regantes son corporacións de dereito público reguladas no Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. As ditas comunidades están adscritas a un Organismo de cunca (ente público encargado de xestionar as augas nas demarcacións hidrográficas) e son de obrigada creación para os usuarios da auga e outros bens de dominio público hidráulico dunha mesma toma ou concesión.

As Comunidades de Regantes de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia (A Limia – Ourense) - hoxe englobadas na Comunidade de Regantes "Nova Limia"- acordaron nas respectivas Asembleas Xerais celebradas respectivamente o 4 de decembro de 2021, o 3 de decembro de 2021, o 2 de decembro de 2021 e o 4 de decembro de 2021, solicitar colaboración á Consellería do Medio Rural para levar a cabo as obras de sondeo e captación das augas subterráneas a fin de poder beneficiarse das actuacións do Plan estatal para la mejora de la eficiencia y sostenibilidad en regadíos" no que estaba proxectado para o ano 2022 as actuacións incluídas no "Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia de la Economía Española" – Galicia, que precisaban previamente a existencia das captacións de augas subterráneas, e que se recolleron no *Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e as Comunidades de Regantes de "Lamas – Ganade", "Corno do Monte", "Alta Limia" e "San Salvador de Sabucedo" para a Modernización de Regadíos*, do 13 de decembro de 2021 e as súas dúas adendas de datas 5 de abril e 29 de novembro de 2022.

CUARTO.- Para a Consellería do Medio Rural acometer as melloras dos Regadíos da Comarca da Limia supón unha actuación estratéxica de enorme importancia tanto para o desenvolvemento socio - económico da zona como para a potenciación do sector agrario destas comarcas.

QUINTO.- Entre os obxectivos principais a acadar coa modernización dos regadíos, destacan o aforro e mellora na eficiencia no uso da auga de rega, a regularización dos recursos hídricos da comarca, a introdución de novas técnicas de rega máis eficientes a nivel de parcela, a mellora da renda agraria e o desenvolvemento da Comarca, posibilitar unha agricultura sostible e respectuosa co medio, a mellora da calidade de vida dos



agricultores reduciendo as horas de traballo que estes dedican á rega e un importante aforro enerxético.

SEXTO.- A importancia do regadío para a produción agrícola na Comarca da Limia é ben coñecida polos agricultores que durante máis de 30 anos están tratando de resolver as súas necesidades de auga con prácticas e estruturas individuais.

O aumento do regadío nunha comarca cunha agricultura tan intensificada como a da Limia provocou a aparición de problemas de natureza ambiental e de rendibilidade económica, xa que ao mesmo tempo que a importancia da rega facíase maior, non se acometían medidas de xestión da auga e de planificación dos recursos hídricos.



SÉTIMO.- As melloras das infraestruturas de regadío na comarca comezaron a ser un feito nos anos 2003/2005 da man da Consellería do Medio Rural, coas obras de transformación en regadío de 2.017 ha na depresión de Antela (Comunidade de Regantes de Antioquía). Posteriormente a Comunidade de Regantes "Lagoa de Antela", modernizou as súas infraestruturas de rega mediante un Convenio entre a SEIASA, a Consellería do Medio Rural e a propia comunidade, o que supuxo a modernización de 612 ha.

Coa experiencia do xa feito en materia de planificación de regadíños, incídese agora na modernización das estruturas de regadío das Comunidades de Regantes, englobadas baixo a Comunidade de Regantes "Nova Limia", que presentan serios problemas derivados dos seus actuais sistemas e infraestruturas de rega.

OITAVO.- No ano 2021 e no marco do "*Plan para la mejora de la eficiencia y sostenibilidad en regadíos*" incluído no "*Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia de la Economía Española*" – Galicia, preseleccionouse o "Proxecto de Mellora para o aproveitamento en regadío das 40 captacións de augas subterráneas - A Limia 2022"

Neste marco de non levarse a cabo as obras e instalacións necesarias para equipar os 40 pozos de sondeo para o aproveitamento das augas subterráneas por parte da Comunidade de Regantes "Nova Limia", perderíase a inversión levada a cabo a través do convenio de colaboración celebrado o 13 de decembro de 2021 entre a consellería e as comunidades de regantes de San Salvador de Sabudedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia, aglutinadas agora na Comunidade de Regantes "Nova Limia", tendo en conta que a dita Comunidade de Regantes carece dos orzamentos precisos para levar a cabo a inversión que esixe a posta en funcionamento dos anteditos pozos de sondeo.

A colaboración que se pretende con este convenio, de profunda utilidade pública e interese social, trátase dun apoio económico definido en liña coa estratexia da modernización dos regadíños para mellora da eficiencia enerxética a través de novas técnicas de rega para posibilitar unha agricultura sostible e respectuosa co medio,




mellorar da calidade de vida a renda agraria e o desenvolvemento da Comarca. Por todo elo plantease como un instrumento de concesión de axudas directas, conforme ao disposto no artigo 19.4c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presentando dificultades para promover a súa concorrencia pública, posto que se centra sobre uns destinatarios concretos – as Comunidades de Regantes de San Salvador de Sabudedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia, aglutinadas agora na Comunidade de Regantes "Nova Limia" que asinaron coa Consellería do Medio Rural o convenio do 13 de decembro de 2021 para a modernización de regadíos- e cun fin concreto que é por en funcionamento aos pozos de sondeo executados polas referidas Comunidades de Regantes ao amparo do xa indicado convenio do 13 de decembro de 2021.

NOVENO.- Todas as partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de modernización e mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de rega das zonas regables pola comunidade de regantes que asina este protocolo con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto



O obxecto deste Convenio é o establecemento das condicións técnicas e de financiamento para dotar a cada un dos pozos realizados previamente, dos equipos e instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento e servizo da Comunidade de regantes "Nova Limia", no marco das obras de modernización e mellora enerxética dos regadíos da Limia (Ourense).

Segunda.- Condicións técnicas das obras para a modernización dos regadíos

A execución das obras levarase a cabo pola Comunidade de Regantes "Nova Limia", ben por sí ou por medio de terceiros, tendo en conta a urxencia das mesmas ao estar vinculadas directamente ao "Proxecto de Mellora para o aproveitamento en regadío das 40 captacións de augas subterráneas "A Limia 2022" no marco do "*Plan para la mejora de la eficiencia y sostenibilidad en regadíos*" incluído no "*Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia de la Economía Española*" – Galicia,

A supervisión das obras será levada a cabo pola Consellería do Medio Rural e se do trámite de supervisión resultase a necesidade de introducir reformas aos proxectos redactados, as partes acordan considerar como proxecto ou proxectos definitivos, aos efectos deste convenio e, en particular, aos de determinar os orzamentos dos mesmos o que resulte da súa aprobación definitiva.



Terceira.-Actuacións subvencionables

Para realizar as tarefas descritas na cláusula primeira, a axuda obxecto deste convenio destinarase a adquisición e instalación de:

- Grupos de electrobombas.
- Refrigeración dos motores.
- Cables de suministro eléctrico.
- Tuberías de elevación con peche de pozo Ø400.
- Válvulas de peche de pozos e contador con emisor de pulsos.
- Colectores de saída a rego con catro tomas de parcela.
- Válvulas de alivio.
- Cadros de protección e control dos grupos electrobombas
- Actuadores remotos de posta en marcha dos motores e apertura de sectores de rego con lectura de caudal de consumo por cabezal.
- Posta en marcha de todos os elementos instalados.



Con carácter xeral e conforme ao establecido polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención. Admitiranse como gastos subvencionables todos aqueles realizados con anterioridade a firma deste convenio e directamente vinculados ao obxecto do mesmo.

Cuarta.- Compromisos da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural comprométese a:

- Tomar razón de todos os proxectos técnicos necesarios para a execución completa das obras (instalacións de bombas, caldeirería do tramo de aspiración ata a comporta de peche en tramo horizontal, onde se aloxarán os diferentes



elementos de seguridade e control, equipamentos eléctricos ...), a súa aprobación respectando sempre todos os condicionantes técnicos e os que se deriven das autorizacións sectoriais de organismos competentes en materia de augas, medio ambiente e patrimonio cultural e paisaxístico.

- A chegar a financiación orzamentaria precisa, con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural, e distribuídos nas anualidades necesarias e que se establecen na cláusula quinta que permitan a continuidade das obras -dende o inicio ata o seu remate- para a modernización dos regadíos da comunidade de regantes obxecto deste Convenio.
- A Consellería do Medio Rural non se subrogará nalgún dereito ou obriga que se deriven da titularidade das obras, que corresponderá á Comunidade de Regantes.

Quinta.- Compromisos da Comunidade de Regantes

- A Comunidade de Regantes comprométese a destinar o investimento aos fins establecidos no presente convenio.
- A xustificar documentalmente, mediante as correspondentes facturas, os investimentos realizados, tanto xustificación parcial (anualidade 2023) como final (anualidade 2024).
- A someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores
- Á explotación, mantemento e conservación das obras e instalacións obxecto deste convenio.
- Considéranse integradas na explotación das obras as actividades que con carácter meramente enunciativo, se relacionan a continuación:
 - Destinar as instalacións aos fins para os que foron deseñadas.
 - Contratación e pago dos labores de conservación, reparación e mantemento das obras unha vez realizadas as recepcións definitivas das mesmas.
 - Contratación, dirección e pago de todo o persoal afecto á explotación das obras.
 - Contratación e pago das subministracións da enerxía e outros que sexan precisos.
 - Pagamento das licenzas e canons que procedan á administración pública competente.
 - A comunicar á Consellería do Medio Rural o remate das obras e inicio da súa explotación





Sexta.-Importe estimado para a execución das obras

A dotación orzamentaria para subvencionar as actuacións incluídas neste convenio é de **2.503.652,13 euros**. Será subvencionado o 100% do custo das instalacións.

Segundo presuposto desglosado na memoria remitida pola Comunidade de Regantes Nova Limia:

Anualidade 2023

1 A3	32.971,84 €
2 A5	29.261,39 €
3 B9	69.856,51 €
4 B13	63.331,98 €
5 B16	69.270,83 €
6 B17	68.866,19 €
7 C1	30.388,42 €
8 C9	45.385,22 €
9 C17	46.110,31 €
10 C20	45.566,50 €
11 D1	58.358,59 €
12 D3	40.248,23 €
13 D9	47.491,43 €

TOTAL BASE IMPONIBLE 647.107,44 €

IVA 21% 135.892,56 €

TOTAL PRESUPUESTO BLOQUE 1. ANUALIDADE 2023. 783.000,00 €

Anualidade 2024

1 A1	42.458,81 €
2 A2	42.458,81 €
3 A4	42.458,81 €
4 A6	42.458,81 €
5 B2	43.377,38 €
6 B3	42.458,81 €
7 B4	42.458,81 €
8 B8	43.377,38 €
9 B10	72.809,80 €
10 B11	79.924,05 €
11 B12	50.629,97 €
12 B14	72.557,98 €
13 B15	78.017,11 €
14 C3	32.626,99 €
15 C10	52.032,43 €
16 C13	35.560,89 €
17 C14	52.032,43 €
18 C15	46.967,19 €
19 C16	52.032,43 €
20 C18	52.032,43 €
21 C19	52.032,43 €
22 C21	52.032,43 €





23 D2 42.123,74 €
24 D4 52.751,70 €
25 D7 68.118,30 €
26 D8 68.118,30 €
27 D10 68.118,30 €

TOTAL BASE IMPONIBLE 1.422.026,55 €
IVA 21% 298.625,58 €
TOTAL PRESUPUESTO BLOQUE 2. ANUALIDADE 2024, 1.720.652,13 €

As actuacións serán financiadas pola Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, con fondos propios libres a través do proxecto contable 2017-00035 " Plan de Infraestruturas de regadíos no medio rural, e con cargo á aplicación orzamentaria: **14.05.551A.780.0.**, coa seguinte distribución de anualidades tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria:

- Anualidade 2023: 783.000,00 euros.
- Anualidade 2024: 1.720.652,13 euros.

Sétima.- Xustificación do investimento e pagamento da axuda

Enténdese por custo total da execución das obras:

- O custo de execución das obras segundo o prezo da adxudicación.
- Todos os gastos da adxudicación de contratos servizos asociados como os de coordinación de seguridade e saúde, dirección das obras, programas de vixilancia ambiental, medidas de protección e compensatorias do impacto ambiental, cultural e paisaxístico etc.
- A efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia a comunidade de Regantes poderá subcontratar o 100% da actividade subvencionada.

Os investimentos xustificaranse documentalmente antes do 15 de Outubro de cada anualidade, e nos seguintes termos:

- Deberá presentarse solicitude de pagamento.
- Factura/s nas que se indicará de modo indubidado os equipos subvencionados así como as súas características técnicas.
- Presentación por parte da Comunidade de Regantes da conta xustificativa do investimento realizado.
- Xustificante bancario do pago (transferencia ou certificación bancaria) que deberá identificar o número de factura obxecto de pagamento, o concepto e a entidade que realiza o pagamento e o destinatario. De ser xustificantes bancarios

tramitados a través da banca electrónica deberán estar validados co selo da entidade bancaria correspondente.

- De ser o caso, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán as obras, si os houbera, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable acreditativa de que a entidade se atopa ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o caso de que non presente esta declaración deberá achegar autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade está ao corrente das súas obrigas.
- Tres orzamentos de diferentes provedores que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deben ter solicitado con carácter previo á contratación da instalación dos grupos de bombeo.



Oitava.- Causas de invalidez da concesión e reintegro

Rexen para o presente convenio as causas de invalidez da concesión da subvención e consecuentemente a súa resolución e, no seu caso o reintegro das cantidades percibidas, conforme se recolle nos artigos 32 e 33, respectivamente, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería do Medio Rural e o representante da Comunidade de Regantes "Nova Limia", que subscriben este convenio, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Décima.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións da aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico,



sempre de acordo coa normativa vixente de contratos do Sector Público e que non impliquen a superación dos importes aprobados inicialmente.

Décimo primeira.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de Subvencións (BDNS)

Décimo segunda.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

Décimo terceira.- Natureza

Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende total execución das obras amparadas polo mesmo ou, no seu caso, ata a súa resolución se se deran algunha das causas establecidas na Cláusula sétima, sen que poidan exceder do prazo máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións que teñen conferidas as partes, asinan o presente Convenio no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA,
O CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL



José González Vázquez

POLA COMUNIDADE GENERAL DE
REGANTES "NOVA LIMIA",
O PRESIDENTE

Amador Saborido Dapousa